

### CONSULTA E EMPRÉSTITO

A biblioteca pódena usar todo o alumnado, os membros das Asociacións da EOI Ferrol e o persoal do centro para consultar e tomar prestados libros, revistas, DVDs e audiovisuais. O material de consulta (os dicionarios e as enciclopedias, as revistas e os periódicos) só poden consultarse en sala.

#### ¿Cómo acceder ao servizo de empréstito?

Será necesario ter o carné da Escola ou dunha Asociación do curso vixente para facer o carné de biblioteca que haberá que presentar no momento de realizar o empréstito.

#### Empréstito :

Pódense levar ata tres exemplares durante 15 días, renovables.

Libros de texto en uso: 3 días

### DEVOLUCIÓN DO EMPRÉSTITO

O material devolveráse no prazo acordado e en bon estado.

Se a biblioteca está pechada, podes entregar os materiais prestados en Conserxería.



### USO DOS ORDENADORES SERVIZO WEB, DE AUDIO E VÍDEO

Hai catro a disposición do alumnado. Están destinados exclusivamente para uso de CDs, DVDs, consultas do mail e de páxinas de Internet para a aprendizaxe de idiomas.

O tempo máximo de utilización será de 30 min cando haxa espera, previa anotación do nome, número de carné e hora de comezo na mesa do bibliotecario de garda.

Hai auriculares có fin de non molestar aos demais usuarios da sala.


### LECTORES ELECTRÓNICOS

Hai dous e-books dispoñibles con libros dixitais dos clubs de lectura e outros títulos escollidos.

Solicítanse ao bibliotecario e hai que asinar un formulario de empréstito.

### ESPAZO ALTERNATIVO DE LECTURA E ESTUDO

Habilitouse un espazo detrás do ascensor do primeiro andar para que os usuarios poidan leer e estudar cando a biblioteca esté pechada ou ocupada por unha actividade.



### BOOKCROSSING, “LIBROS VIAXEIROS”

Diante da biblioteca hai un andel para o intercambio libre de libros. Cada ano “libéranse” uns cantos títulos en diferentes idiomas para que viaxen polo mundo adiante. Nese andel pódense coller libremente os libros dispoñibles e deixar outros que resulten interesantes para os demais.

## TABLA DE CLASIFICACIÓN DECIMAL UNIVERSAL:

CDU	
Alemán	AL
Español	ES
Francés	FR
Galego	GA
Inglés	IN
Italiano	IT
Portugués	PO

### MATERIAS E SINATURAS:

#### 0. OBRAS XERAIS

- 006 Normalización lingüística
- 008 Civilización e cultura en xeral
- 02 Biblioteconomía
- 030 Enciclopedias, dicionarios
- 050 Publicacións periódicas ou seriadas
- 087 Cómic, literatura infantil

#### 3. CIENCIAS SOCIAIS

- 35UE Administración pública (UE)
- 37.02 Didáctica e metodoloxía
- 371.2 Exames, tests
- 371.3 linguaxe especializada, fins específicos

#### 6. CIENCIAS APLICADAS, TECNOLOXÍA

- 62 Tecnoloxía (CD-Rom, multimedia)
- 641 Arte culinario

#### 7. ARTE

- 7 Arquitectura, escultura, pintura, fotografía
- 78 Música
- 782 Ópera
- 791 Cine, DVD, documental
- 796 Xogos y deportes

#### 8. LINGÜÍSTICA E LITERATURA

- 81 Lingüística
- 81.D Destrezas (Competencia lectora, escrita, auditiva, oral)
- 81'34 Fonética, fonoloxía, pronunciación
- 81'35 Ortografía
- 81'36 Gramática
- 81'37 Vocab, léxico, semántica
- 810 A1/A2 Libro de texto A1/A2
- 810 B1 Libro de texto B1
- 810 B2 Libro de texto B2
- 82(09) Historia de la literatura
- 821 Literatura (novela, poesía, teatro,...)
- 821 A1/A2 Literatura adaptada A1/A2
- 821 B1 Literatura adaptada B1
- 821 B2 Literatura adaptada B2
- 821 AUD Audiolibro

#### 9. XEOGRAFÍA, BIOGRAFÍAS, HISTORIA

- 910 Xeografía
- 929 Biografías
- 93 Historia

## COLABORAR COA BIBLIOTECA

¿Queres ser voluntario e colaborar connosco?

Se é así, fala coa persoa encargada da biblioteca ou envía un correo ao enderezo:

[biblioteca@eoiferrol.org](mailto:biblioteca@eoiferrol.org)

## HORARIO

A biblioteca abre de outubro a maio. O horario atopase:


- na porta da biblioteca
- na web: [www.eoiferrol.org](http://www.eoiferrol.org) > biblioteca > horario

## ESTAMOS NO FACEBOOK:

Se queres estar informado sobre as novas adquisicións da biblioteca, as actividades organizadas ao longo do curso, etc., faite amigo noso no FACEBOOK:



"Biblioteca EOI Ferrol"



## GUIA DO USUARIO DA BIBLIOTECA

"Sempre imaxinei que o paraíso sería algún tipo de biblioteca".

Jorge Luis Borges (1899-1986), escritor arxentino



E-mail: [biblioteca@eoiferrol.org](mailto:biblioteca@eoiferrol.org)



Biblioteca EOI Ferrol

### Exemplos:

Un libro de texto de alemán de nivel B2 sería: AL 810 B2

Un libro de preparación de exames de inglés sería: IN 371.2